



Xacobeo 21-22

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Maio 2021

PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	48.307	-70,3%	86.461	-69,6%	1,79	2,4%	21,51%	-29,10
PENSIÓNS	11.292	-71,2%	32.407	-52,4%	2,87	65,4%	16,09%	-13,19
ESTAB. HOTELEIROS	59.599	-70,5%	118.867	-66,3%	1,99	14,3%	19,71%	-24,65
APTOS. TURÍSTICOS	4.059	5,2%	8.058	-31,0%	1,99	-34,4%	15,75%	-6,82
TURISMO RURAL	1.803	-79,5%	2.661	-81,1%	1,48	-7,9%	6,58%	-17,63
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	5.862	-53,7%	10.719	-58,4%	1,83	-10,2%	-	-
TOTAL	65.461	-69,5%	129.586	-65,8%	1,98	12,3%	-	-

- O comportamento da demanda turística na provincia de A Coruña segue o patrón xeral da comunidade. Neste mes de maio consolídase o inicio da recuperación, cun nivel de demanda moi superior ao rexistrado no pasado ano pero aínda por debaixo das cifras de 2019. Con máis de 65 mil viaxeiros aloxados e preto de 130 mil noites A Coruña sitúase no 34% do volume previo á crise.
- Co 41% do total da comunidade é a provincia de maior peso en Galicia.
- O impacto da pandemia e o nivel de recuperación difire entre as distintas tipoloxías de aloxamento. Todas elas superan con creces as cifras do pasado ano mais fican por debaixo do nivel de 2019. A recuperación é máis notable nos apartamentos turísticos –que rexistran entorno ao 70% da demanda previa á crise- e nas pensións –con case o 50%- , e menos acusada no segmento de turismo rural –conseguen apenas o 20% da cifra de hai dous anos-.
- O 92% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 67% nos hoteis e un 25% nas pensións-. O 8% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural. Esta distribución mantense estable nos últimos 5-6 meses.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado, pero con notables diferenzas de intensidade. O nivel de recuperación é notable no turismo interno –consegue rexistrar o 87% da demanda de 2019- e menos acusado no segmento receptor –fica no 44% o nacional e no 13% o internacional-. En consecuencia, o segmento de maior peso na provincia é o mercado interno. Representa neste mes o 42% do total das noites hoteleiras. O turismo receptor nacional absorbe unha cifra parella mentres que o 16% restante corresponde ao internacional.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella. A distancia cos valores previos á crise é menor no caso dos apartamentos turísticos –con case sete puntos de diferenza- e maior nos hoteis –que fican a 30 puntos da porcentaxe de 2019-. Con todo teñen a cifra máis alta cun 21,5% de media.
- Con dúas noites de media a provincia de A Coruña marca neste mes a cifra de estadía máis alta de Galicia. Supera nun 12% a cifra de 2019.

PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	17.251	-58,1%	27.984	-59,5%	1,62	-3,5%	21,05%	-19,19
PENSIÓNS	7.112	-73,9%	11.890	-66,8%	1,67	27,4%	12,45%	-16,64
ESTAB. HOTELEIROS	24.363	-64,4%	39.874	-62,0%	1,64	6,7%	17,45%	-18,14
APTOS. TURÍSTICOS	2.482	-16,9%	8.138	-36,8%	3,28	-24,0%	21,42%	-8,66
TURISMO RURAL	2.530	-66,7%	3.723	-62,8%	1,47	11,8%	8,74%	-9,88
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	5.012	-52,7%	11.861	-48,2%	2,37	9,5%	-	-
TOTAL	29.375	-62,8%	51.735	-59,5%	1,76	8,8%	-	-

- Similar comportamento se observa na provincia de Lugo. Os niveis de demanda deste mes superan con creces os do pasado ano, reforzando o inicio da recuperación, pero distan moito dos valores previos á crise. Con algo máis de 29 mil viaxeiros aloxados e preto de 52 mil noites Lugo sitúase no contorno do 40% da demanda de 2019. En termos de reparto territorial Lugo absorbe neste mes o 16% da demanda do conxunto da comunidade.
- O comportamento da demanda é bastante similar nas diferentes modalidades de aloxamento no sentido de que todas fican no contorno do 40% da demanda de 2019. A excepción vén da man dos apartamentos turísticos que presentan mellor comportamento en termos relativos e maior grao de recuperación, ficando agora no 63% da demanda previa á pandemia.
- O 77% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 54% nos hoteis e un 23% nas pensións-. O 23% restante concéntrase basicamente nos apartamentos turísticos –co 16%- quedando cun menor peso os establecementos de turismo rural –representan o 7% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes mellor comportamento relativo do turismo interno fronte ao receptor. Ambos sitúanse por debaixo dos niveis previos á crise pero o nivel de recuperación do mercado interno é superior –fica preto do 70% do acadado en 2019-. O turismo receptor nacional recupera apenas o 40% mentres que o internacional non chega nin ao 10% daquel ano.
- Co 52% da demanda o segmento de maior peso neste mes é o mercado interno.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes. Todas as modalidades fican lonxe dos niveis previos á crise, en maior medida os hoteis –distan case 20 puntos- e menor os apartamentos turísticos –con preto de nove puntos de diferenza neste caso-.
- A estadía media fica por encima do valor de 2019 –nun 9%- con preto de 1,8 noites –semellante á rexistrada en Ourense-.

PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	15.552	-34,1%	25.268	-41,2%	1,62	-10,8%	22,49%	-10,55
PENSIÓNS	2.858	-49,3%	7.487	-33,6%	2,62	30,8%	14,81%	-3,39
ESTAB. HOTELEIROS	18.410	-37,0%	32.754	-39,6%	1,78	-4,2%	20,10%	-8,14
APTOS. TURÍSTICOS	161	-82,5%	369	-85,9%	2,29	-19,2%	8,83%	-19,05
TURISMO RURAL	2.215	-12,3%	3.550	-16,3%	1,60	-4,6%	13,87%	0,39
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	2.376	-31,0%	3.919	-42,8%	1,65	-17,1%	-	-
TOTAL	20.786	-36,4%	36.673	-40,0%	1,76	-5,7%	-	-


- Ourense é a provincia que menos sufriu o impacto da crise en termos relativos e, en consecuencia, a que presenta maior resiliencia fronte á mesma. Neste sentido, fica máis preto dos valores de 2019 –neste mes rexistra preto de 37 mil noites, o 60% do acadado antes da pandemia-.
- Marca diferenza coas restantes provincias non só no comportamento global senón tamén na dinámica das distintas modalidades de aloxamento. Neste sentido a tipoloxía que peores resultados colleita son os apartamentos turísticos, pois apenas rexistran o 15% da demanda previa á crise. Mellor comportamento apréciase no segmento de turismo rural que curiosamente en Ourense rexistra bos resultados, situándose preto do 85% da demanda de 2019.
- O 89% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 69% nos hoteis e un 20% nas pensións-. O 11% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun maior peso para os aloxamentos de turismo rural –con preto do 10%- e menos para os apartamentos turísticos –con apenas o 1%-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado, non tanto na súa dirección –todos fican por debaixo dos niveis de 2019- como na súa intensidade. Neste sentido é o mercado interno o que presenta maior grao de recuperación conseguindo neste ano situarse preto do 90% da demanda previa á crise. O mercado internacional rexistra apenas o 20% do nivel de 2019.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno –absorbe o 60% do total das noites hoteleiras da provincia-.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento parello ao da demanda. Empeora en todas as modalidades –principalmente nos apartamentos turísticos, e tamén nos hoteis- mais consegue mellorar en medio punto a cifra de 2019 no segmento de turismo rural.
- A estadía media sitúase un 6% por debaixo do nivel de 2019, con preto de 1,8 noites.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO S		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	47.011	-56,8%	82.892	-63,3%	1,76	-15,1%	25,58%	-13,15
PENSIÓNS	2.920	-82,8%	8.800	-68,8%	3,01	81,4%	12,15%	-18,65
ESTAB. HOTELEIROS	49.931	-60,3%	91.692	-63,9%	1,84	-9,2%	23,12%	-14,53
APTOS. TURÍSTICOS	1.422	-28,6%	3.661	-36,1%	2,57	-10,5%	8,62%	-5,93
TURISMO RURAL	2.003	-55,5%	2.690	-64,6%	1,34	-20,6%	6,27%	-6,84
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	3.425	-47,2%	6.351	-52,4%	1,85	-9,8%	-	-
TOTAL	53.356	-59,6%	98.043	-63,4%	1,84	-9,2%	-	-

- O comportamento da demanda turística en Pontevedra aseméllase bastante ao observado no caso de A Coruña. Supera con creces os niveis do pasado ano 2020 mais fica lonxe dos valores previos á crise. Con algo máis de 53 mil viaxeiros aloxados e 98 mil noites Pontevedra acada o 37% da demanda de maio de 2019.
- Esta dinámica afecta a todas as modalidades de aloxamento, con similar intensidade, marcando certa excepción os apartamentos turísticos –que presentan maior resiliencia e recuperan máis do 60% da demanda previa á pandemia-.
- Pontevedra é a segunda provincia en orde de importancia en Galicia. Absorbe o 31% do total da comunidade neste quinto mes do ano.
- O 93% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 84%- e ás pensións –co 9% neste caso-. O 7% restante concéntrase nos apartamentos turísticos –co 4%- e nos establecementos de turismo rural –co 3% neste caso-.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento parello por canto descende o volume de demanda nos tres grandes segmentos considerados en relación ao 2019, mais aprécianse diferenzas de intensidade. Así, presenta mellor grao de recuperación o mercado interno –recuperando o 65% das noites previas ás pandemia-.
- Os niveis de ocupación presentan un comportamento semellante ao da demanda. Empeoran en todas as modalidades pero con maior intensidade no segmento hoteleiro –principalmente nas pensións- e mellor grao de recuperación nos apartamentos turísticos –distan seis puntos da cifra de 2019-.
- A estadía media de maio fica tamén por debaixo do nivel de 2019 –nun 9,2%- situándose en algo máis de 1,8 noites.


Reparto da demanda turística regrada. Noites Maio 2021



Variación da demanda turística regrada. Noites Maio 21/19



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites Maio 2021



Recuperación da demanda respecto de 2019. Noites, mes de maio

